# DOCUMENTO TÉCNICO

## AULA VIRTUAL DE MATEMÁTICAS EN PRIMARIA

Recurso realizado no periodo de Licenzas de formación do curso 2021/22 para persoal docente non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

*MODALIDADE 1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO) e bacharelato.*
*Submodalidade 1a. Elaboración de materiais curriculares dixitais inéditos*

BELÉN GÓMEZ FLORES
CEIP Sestelo – Baión

As opcións de traballo con  este curso de Moodle son dúas:

- Instalación do curso nun servidor local (intranet)
- Instalación do curso nas aulas virtuais dos centros educativos (websdinámicas)

A instalación nas aulas virtuais  dos centros educativos é sinxelo e a continuación indicamos os pasos para facelo.

Antes de comezar debemos contactar co administrador da aula virtual do noso centro e solicitarlle que cree un curso onde aloxar este recurso. O administrador deberá matricularnos no curso con permisos de "creador de cursos". Tamén o administrador da aula virtual terá que rexistrar ao noso alumnos na plataforma para que  nós poidamos matricular ao  alumnado no curso.

## INSTALACIÓN DO CURSO NO MOODLE DA AULA VIRTUAL DO CENTRO

1º -Descargar no noso equipo a copia de seguranza do curso. Dende o repositorio Abalar. Trátase dun arquivo .zip

2º- Entrar no curso onde queremos restaurar a copia.

No menú de configuración do curso, imos á opción de "restaurar" .




3º- Ábrese unha xanela cos cartafoles do noso equipo e seleccionamos a copia de seguranza do curso.

A continuación prememos "Cargar este ficheiro". Cando xa está cargado

Prememos en "Restaurar".



Aceptamos cando se nos pida confirmación.




Na seguinte fiestra prememos en “continuar”




4º- Ao chegar á pestana de destino, dependendo dos permisos que teñamos na plataforma, teremos varias opcións, podemos seleccionar a restauración como un novo curso, indicándolle a categoría onde o queremos situar (por exemplo 4º de primaria) ou elixir que o restaure nun curso existente. Este sería o noso caso se o administrador creou o curso.

Continuamos pasando polas distintas pantallas premendo no botón “seguinte”.

5º Chegamos á última pantalla e aceptamos. A copia instálase na aula.




Se todo foi ben aparece esta mensaxe e aceptamos.



Agora xa está o curso instalado na aula virtual do noso centro.




## Matriculación no curso

Antes de comezar a empregar o curso na aula co noso alumnado temos que matricular aos alumnos/as para que poidan acceder ao curso e que as actividades que fagan se graven na plataforma.

## Axustes do formato e tema

Este curso foi realizado empregando un formato e un tema propios de Moodle. O formato é "temas en pestanas" e o tema "Boost". Para una correcta visualización do recurso é manter o formato orixinal é aconsellable establecer este mesmo formato e tema na configuración do curso. Para facelo segue estes pasos:

1.- Dende o curso acceder á configuración do mesmo "Editar axustes"



2.- Na pantalla de "Formato do curso" elexir temas en pestanas.




3.- Na pantalla dos axustes ir ao apartado de "Apariencia" e escoller o tema Boost.

Gardar os cambios.




## ***Actividades de crucigramas.***

Nos ODEs de Figuras planas e Corpos xeométricos hai unha actividade de encrucillado. Estas actividades poden presentar problemas ao restaurar a copia de seguridade. É moi sinxelo solucionalo. Activa a edición do curso, vai aos axustes desta actividade.



Nos axustes tes que indicar a ruta das preguntas nas que está baseado cada encrucillado.

No caso do tema das figuras planas hai que seleccionar :crucigrama_ahorcado




No caso do encrucillado de corpos xeométricos: mat3_4p




*<u>Importante!</u>*

*Moodle permite configurar o curso segundo as túas necesidades. Pulsa no botón de "activar edición" fe fai os cambios que consideres: engadir outro tipo de documentación ou recursos, agochar os temas, presentacións, xogos... e facelos visibles no momento que o decidas. Un consello sería agochar ao alumnado a sección "Espazo para profes".*

*Para agochar os recursos, activa a edición do curso e  no menú de edición do recurso, escolle a opción de "agochar", podes facelo visible do mesmo xeito cando así o consideres.*

